

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016777	Carlos Casares	Viana do Bolo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	2023/2024	9	205	245
MP3030_12	Configuración de equipamentos informáticos	2023/2024	9	102	122
MP3030_22	Aplicacións ofimáticas	2023/2024	9	103	123

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RAFAEL VEGA SÁNCHEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A actividade profesional do alumnado desenvolverase en empresas ou entidades públicas ou privadas, tanto por conta propia como allea, de calquera tamaño e sector produtivo, que dispoñan de redes de transmisión de voz e datos para o seu funcionamento. Tamén se pode desenvolver esta actividade en empresas adicadas á comercialización, a montaxe e reparación de equipos e servizos microinformáticos; e empresas que prestan servizos de asistencia técnica microinformática, ademais de nas distintas Administracións Públicas, como parte do soporte da organización.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Implantación de Sistemas Operativos	Software, Licenzas, SS.OO. actuais, virtualización e instalación de SS.OO.	20	8
2	Sistema Operativo Windows	Administración básica, xestión de arquivos, cartafoles, usuarios e grupos, compartición de recursos en Windows 10	33	12
3	Sistema Operativo Linux	Administración básica, xestión de arquivos, cartafoles, usuarios e grupos, compartición de recursos en Ubuntu	33	12
4	Sistemas Operativos en Rede	Conceptos básicos sobre redes de datos e comunicacións, configuración dun SO para funcionar nun entorno de rede, redes inalámbricas	36	12
5	O Procesador de Textos	Funcións básicas. creación de documentos aplicando diferentes formatos, usando diversas ferramentas, deseñando táboas con contido, corrixindo faltas ortográficas, usando diferentes procesadores de textos	20	10
6	Presentacións	Funcións básicas, creación de presentacións básicas, con distintos elementos e efectos usando software propietario e libre	20	10
7	Follas de Cálculo	Funcións básicas para tratamento de datos numéricos, permitindo realizar cálculos mediante fórmulas e funcións usando software propietario e libre	21	10
8	Bases de Datos	Funcións básicas para manexar gran cantidade de información de forma cómoda e eficiente, permitindo recuperar e xestionar esta información de forma eficiente mediante o uso do Access 2013, facendo distintos tipos de consultas, informes e formularios básicos.	22	10
9	Servizos básicos de Internet. Servizos Web	Coñecer as características e usos de Internet, configurando distintas ferramentas para navegar pola rede, realizando búsquedas, usando servizos como o correo electrónico, a axenda, as redes sociais, os foros.	20	8
10	Seguridade Informática	Coñecer a seguridade dun sistema informático, os tipos de ameazas, os mecanismos de seguridade física e lóxica e as boas prácticas para a seguridade.	20	8

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Implantación de Sistemas Operativos	20

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Configuráronse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configurouse o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.5 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.6 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.9 Realizáronse operacións básicas de protección en sistemas operativos libres e propietarios (actualizacións, instalación de antivirus, realización de copias de seguridade, etc.)

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Sistemas operativos actuais libres e propietarios: requisitos técnicos do sistema operativo.
Características e funcións fundamentais dun sistema operativo.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema Operativo Windows	33

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúrouse o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo

**4.2.e) Contidos**

Contidos
OXestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura. Arranque e parada do sistema. Sesións. Utilización de periféricos. Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios. Interface gráfica de usuario: escritorio. Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema. Estrutura da árbore de directorios.

Contidos
Xestión de sistemas de ficheiros.  Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.  Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.  Operacións máis comúns con directorios.  Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistema Operativo Linux	33

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúrese o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.3 Utilízanse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo

**4.3.e) Contidos**

Contidos
0Xestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura.

Contidos
Arranque e parada do sistema. Sesións.  Utilización de periféricos.  Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios.  Interface gráfica de usuario: escritorio.  Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.  Estrutura da árbore de directorios.  Xestión de sistemas de ficheiros.  Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.  Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.  Operacións máis comúns con directorios.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas Operativos en Rede	36

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno de traballo
CA2.2 Creáronse, configuráronse e xestionáronse contas de usuario

Criterios de avaliación
CA2.3 Configurouse e comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos da clientela
CA2.4 Utilizáronse os servizos proporcionados polo sistema operativo para compartir recursos
CA2.5 Asignáronse permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir
CA2.6 Accedeuse aos recursos compartidos desde os equipamentos cliente
CA2.7 Aplicáronse normas básicas de seguridade sobre recursos compartidos

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Operacións básicas de protección fronte a ataques en sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Configuración de acceso á rede a través de medios con cables e sen eles.</p> <p>Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.</p> <p>Tipos de perfís de usuario.</p> <p>Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.</p> <p>Compartición de recursos a través da rede.</p> <p>Acceso a recursos compartidos.</p> <p>Normas de seguridade sobre recursos compartidos.</p> <p>Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.</p>

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O Procesador de Textos	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.3 Formatáronse textos para a súa utilización en distintas situacións
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos. Aplicación de formato a documentos. Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada. Tamaños e tipo de fontes. Numeración, viñetas, tabulacións e aliñamento de parágrafos. Creación de táboas. Inserción de obxectos gráficos nos documentos. Configuración de páxina.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Presentacións	20

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Identifícaronse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA1.8 Elaboráronse presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Follas de Cálculo	21

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse operacións básicas con follas de cálculo, sobre documentos previamente elaborados

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Bases de Datos	22

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Realizáronse operacións básicas con bases de datos, sobre documentos previamente elaborados

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Servizos básicos de Internet. Servizos Web	20

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.2 Personalizouse o navegador adecuándoo ás necesidades establecidas
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identificáronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles
CA2.5 Describíronse as funcionalidades que ofrecen as ferramentas de correo electrónico
CA2.6 Creáronse contas de correo web
CA2.7 Utilizáronse outros servizos dispoñibles en internet (chat, foro, mensaxaría instantánea, redes p2p, videoconferencia, etc.)
CA2.8 Configuráronse as opcións básicas de diversas aplicacións web

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Características e usos de internet.

Contidos
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Buscadores: características e usos.
Transferencia de datos e información por internet.
Correo electrónico: funcionalidades e tipos.
Mensaxaría instantánea: tipos e características.
Ferramentas e usos dos outros servizos de internet: redes p2p, videoconferencias, foros e chats.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Seguridade Informática	20

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.4 Identifícaronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### 5.1. Avaliación continua

Para a obtención da cualificación ou nota final da avaliación, a valoración dos distintos contidos será a seguinte:

Haberá tres avaliacións que se corresponderán co calendario oficial do centro.

En cada avaliación puntuarase:

- Realización de exercicios prácticos e teóricos na aula de informática.
- Un exame teórico, práctico ou teórico/práctico por cada unidade didáctica.
- Participación na aula.

Para aprobar a avaliación o/a alumno/a deberá obter unha nota de 5 ou máis puntos.

A ponderación dos distintos instrumentos de avaliación será:

- Examen teórico, práctico ou teórico/práctico: media aritmética das unidades didácticas, 60%
- Exercicios na aula de informática: 40%

Nota final da avaliación: Exames\*0,6 + Exercicios\*0,4

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións unha vez que o alumno se presentara e realizase as recuperacións necesarias.

Actuación co alumnado que non asiste ós exames:

- O alumno ausente no día do exame por cuestións médicas debidamente xustificadas terá sempre dereito a un novo exame.
- O alumno ausente no día do exame por razóns de enfermidade ou circunstancias persoais xustificadas polos seus pais/nais terá dereito a un novo exame sempre e cando sexa a primeira vez que isto lle sucede. Poderá perder o dereito a realizar ese exame se se aprecia unha intención de fraude ou interese en retrasar a realización da proba.
- O alumno que non realiza un exame será valorado cun 0 no apartado co que se corresponda a proba.
- No caso de non poder asistir a ningún exame, o profesor poderá determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ata ese momento.

### 5.2. Avaliación final.

No caso de non conseguir unha cualificación de aprobado nunha ou varias das avaliacións parciais, o alumno poderá ter acceso á proba final de módulo ou realizar os traballos que marque o profesor. Se o alumno perde o dereito a a avaliación continua ao exceder o número de faltas permitidas, poderá realizar a proba final de módulo, neste caso a materia comprenderá todo o módulo.

Ademáis teranse en conta os seguintes apartados:

a. Exercicios, traballo e caderno.

Algúns destes traballos e exercicios teranse que entregar nas condicións e prazos fixados. No caso de non entregar algún traballo en condicións e prazos fixados, a nota deste apartado será cualificado coma un 0. Os traballos serán valorados tendo en conta: o contido, a presentación, a comprensión e a exposición oral dos mesmos na clase. Serán valorados cun 0 os traballos e exercicios nos que se aprecie a técnica de copiar e pegar. Aínda que se establezan grupos de traballo, só serán valorados os alumnos que realmente fixeran o traballo. Ao finalizar cada unidade revisárase o caderno valorando a súa completitude, orde e limpeza.

b. Actitude.

Asistencia e puntualidade. O profesor do módulo resérvase o dereito de non retirar as faltas de asistencia ós alumnos que cheguen a clase despois de que se teña rematado de pasar lista. Puntuará positivamente a contribución individual ó traballo do grupo. Bosquexo de preguntas ó profesor e a participación voluntaria na posta en común dos exercicios.

5.3 Mínimos esixibles:

Foron especificados en detalle para cada criterio de avaliación no apartado 4.c Axustar avaliación

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para aqueles alumnos que finalizado o período trimestral de avaliación non alcanzasen os obxectivos mínimos, programáranse, a criterio do profesor/a, novas probas parciais de recuperación, que versarán sobre os contidos non superados. Así mesmo, o remate do curso (antes da avaliación final) poderase facer unha proba extraordinaria para acadar os obxectivos pendentes das avaliacións non superadas durante o curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá presentarse antes da avaliación final do módulo á mesma proba de recuperación que o alumnado con partes pendentes, coa salvedade de que terán que examinarse de tódalas unidades do módulo, para así comprobar que se superaron os obxectivos mínimos esixibles.  
A nota da avaliación final será a nota acadada nesa proba.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Atendendo á normativa vixente o seguimento da programación de cada módulo farase a través da aplicación web Xestión das programacións, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>). E será realizado polo/a profesor/ra responsable de cada módulo dende a aplicación ao longo do curso.  
A avaliación da práctica docente permitirá verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado. En función dos resultados obtidos poderán introducirse modificacións e/ou melloras na propia programación e na actuación como docentes.  
Valoraranse diferentes aspectos a través de fichas de avaliación e enquisas online na aula virtual, e teranse en conta as opinións dos alumnos e alumnas e o contraste con outros docentes.  
Esta avaliación levarase a cabo dun xeito continuo ao longo de todo o proceso de ensinanza, co obxecto de ir reorientándoo cando éste o requira.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso farémolle un cuestionario relacionado coa materia e outros aspectos de carácter transversal para coñecer o estado en que chega este alumnado cara o mellor aproveitamento do impartido neste módulo. Desta proba inicial sacarase unhas conclusións que formarán parte desta avaliación inicial.

#### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles.  
O alumnado que progresa máis lentamente ou teña dificultades detectadas centrará a súa atención nos aspectos significativos do programa, con atención aos contidos básicos. Este alumnado terá un maior seguimento e recibirá un tratamento máis personalizado. Nese sentido procurarase que os contidos sexan adecuados ao seu nivel cognitivo. Así mesmo, identificaranse e respectaranse os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e proporanse actividades de reforzo que consolidarán os coñecementos básicos mediante o traballo reiterado de conceptos e procedementos.  
Estas actividades seguirán as necesidades individuais do alumnado, co emprego de metodoloxías diversas e adaptadas á realidade e ó entorno co fin de que sexa máis fácil a asimilación dos contidos básicos e o

desenvolvemento de capacidades, habilidades, destrezas e actitudes.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A maioría dos temas transversais serán incorporados a través dos contidos actitudinais programados para cada unidade didáctica. O resto traballarase no clima da clase, aproveitando distintas situacións que se produzan para introducir mensaxes sobre drogas, alcohol, igualdade, violencia de xénero, etc, propiciando debates nos que se cumpran as normas de respecto mutuo e convivencia, e utilizando unha linguaxe non sexista na realización das actividades.

En canto ás áreas prioritarias, trataranse mediante a utilización de catálogos e documentación en lingua estranxeira así como a través da revisión e implantación de novas tendencias en tecnoloxías da información e da comunicación.

Orientarase ós alumnos cara a cooperación para a superación de dificultades que se presenten no grupo, cunha actitude tolerante ante as ideas e actitudes do resto dos compañeiros.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como complemento ás diversas actividades teóricas e prácticas programarase unha saída a un centro de traballo relacionado co ciclo formativo, e concretamente cos diversos módulos de aprendizaxe.

Co fin de completar a súa formación e buscar alternativas para o tempo de ocio do alumnado, facilitarase información sobre actividades culturais do entorno, asociacións, programas deportivos, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ponderación final

Dada a situación de falta de autoestima deste alumnado, que as veces maniféstase con actitudes violentas e falta de interés polo estudio, faise imprescindible que o profesorado teña unha sensibilidade especial para axudar na recuperación da súa autoestima. Nestes casos o máis importante non son os contidos mínimos senón a formación de persoas. A avaliación dos contidos debe quedar en segundo plano ante a importancia de recuperar un alumnado que estaba predestinado o fracaso escolar e case sempre a un futuro laboral sen posibilidades.